

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do *Diario de Ferrol*, o día 2 de abril de 2006.-

## **Recimil: o abandono**

Sesenta anos. Sesenta anos leva o barrio de Recimil a aturar os temporais que cada inverno arremeten implacábeis por riba dos seus tellados. Sesenta anos a sufrir o deterioro que o paso do tempo deita enriba das cousas todas. Sesenta anos de chuvias a lamberen as tellas, de sarabias a atascaren canlóns... e tamén de raiolas de sol a acariñaren as fachadas con agarimo unha vez e outra máis con tanta paixón que acabaron por arrincar a leve capa de maquillaxe que as cubría. Sesenta anos de ventos, moitos ventos sempre a soprar...

O barrio non é un acantilado nin tampouco as casas teñen a fortaleza das rochas. Máis ben son débiles. Sono dende o momento mesmo do seu nacemento. Construíronas con materiais da máis ínfima calidade (coma se facían as obras públicas no franquismo), entre eles areas que aínda non estaban completamente secas, polo que axiña fixeron aparecer nas paredes e nos teitos as primeiras manchas de humidades, ao comezo grisallas e despois completamente negras.

Corre o opinión moi estendida de que a ningún arquitecto daquel escuro Ministerio da Vivenda dos anos corenta se lle pasou pola cabeza axeitar os planos do barrio e a memoria de materiais ás inclemencias do tempo ferrolán durante os longos meses do inverno. As casas de Recimil xa naceron convertidas en vellas prematuras e achacosas.

O problema foi medrando co paso do tempo e se veu incrementado pola deixadez coa que trataron ao barrio as sucesivas corporacións municipais que foron desfilando polos despachos do Concello.

En que outra cidade de Europa non se pintan as fachadas dende hai máis de corenta anos? Por que non se amañan os tellados por ver de evitar as continuas filtracións? Que vai suceder cando as cornixas que están a piques de caer se desprendan co enorme perigo que iso supón?

A listaxe de fendas e feridas faise interminábel, case tanto como os substantivos susceptíbeis de utilizarse para describir a actuación do Concello no barrio: desidia, deixamento, desleixo, abandono, despreocupación, desamparo, desinterese... Convido ao lector a que dea un breve paseo polas rúas de Recimil para que comprobe por si mesmo a triste realidade da situación da que falo.

O mobiliario urbano cando non é inexistente está nun estado de absoluto abandono: hai bancos nos que ninguén pode sentar, hai papeleiras oxidadas deitadas no chan na mesma Praza de Sevilla á beira do parque infantil, hai sinais de tráfico que xa non sinalan nada porque están comestas pola ferruxe, hai antigos farois de alumeadado público vellos e deformados... Sirva de exemplo o taboleiro de anuncios municipal situado á beira do Mercado, que está completamente cheo de pintadas dende hai ben anos sen que a ninguén pareza importarlle. Quizais o Concello xa non teña nada que anunciar por eses lares.

Moitas das casas están deterioradas até un punto que ás veces semella irreal. As cicatrices das diversas chapuzas obradas nas fachadas e nos portais débúxanse coma a paisaxe de despois dunha batalla, coma as rabuñaduras

que quedan no corpo logo dunha pelexa a vida e morte. Convido ao lector a que se achegue até a rúa Cedeira para que coñeza a situación de primeira man: portais sen portas, fiestras que xa non poden abrirse nin pecharse, cristais rotos tapados con anacos de plástico ou con taboleiros de madeira...

A cousa aínda se complica máis se engadimos unha alarmante ausencia de hixiene perfectamente visíbel ás portas de moitos baixos abandonados tralo peche dos negocios que os ocupaban e tamén nas fochancas abertas no asfalto de varias rúas nas que o lixo se foi amoreando de xeito intolerábel.

Ningún Concello que se prece de ter atendidos a todos os seus cidadáns pode someter un barrio a un estado de abandono semellante. Debemos acaso pensar nese horroroso costume ferrolán de deixar que as construcións esmorezan de xeito definitivo para logo acabar tendo que derrubalas?

© Xesús Constela Doce, 2006